

## CURSOS GALICREQUES 2010

**Curso:** Rutas de Polichinela. Títeres, sombras e obxectos

**Impartido por:** Toni Rumbau  
(Compañía *La Fanfarra*. Barcelona)

**Duración:** 20 horas

**Datas:** do 4 ao 8 de outubro de 2010

**Horario:** de 16.00 h. a 20.00 h.

**Lugar:** Arteria Noroeste (rúa das Salvadas, 2A. Parque Vista Alegre. Santiago de Compostela)

**Prezo:** 100 €

**Prezo reducido (socios de UNIMA):**  
75 €

**Prazas:** 20 persoas



### Presentación

«Rutas de Polichinela» é unha introdución ao mundo fascinante do teatro de monicreques popular de luva, co fin de coñecer as súas técnicas máis ancestrais así como os seus segredos dramaturxicos, para logo poder aplicalos nunha visión máis ampla do teatro de marionetas, onde tamén participa o obxecto. Ensínase a práctica e construción dunha "lingüeta".

Pero o curso ábrese tamén á linguaxe das sombras, coa finalidade de buscar o reflexo oculto dos monicreques no interior do retablo, iluminado de pronto por dentro. Xógase así coa dualidade do oculto e do visible, do vivo e do morto, da luz e da sombra...

Sombras, monicreques e obxectos: tres linguaxes complementarias e ás veces contrapostas.

- **Sombras:** distanciación, peso da imaxe, lentitude
- **Monicreques:** inmediatez, peso da voz, xestualidade
- **Obxectos:** símbolo, valor metafórico, animación

Como combinalos e facelos compatibles?

Estudo das características dramaturxicas das tres linguaxes.

O curso formulará a presentación, individual ou por grupos reducidos, de pequenas obras de creación mediante o uso das tres linguaxes combinadas. Para iso, procederáse á elaboración de "ideas vertebradoras" capaces de articular os dous distintos rexistros.

### **Palabras clave:**

**Creatividade - Imaxinación - Síntese - Intersección - Dualidade - Tradición - Modernidade**

Traballarase a partir dos conceptos básicos de Dualidade, Síntese e Intersección. A duración do curso será de cinco días:

- *1er día*: presentación: introdución teórica con proxección de imaxes, exemplos teóricos e prácticos, reflexións e outros elementos teóricos, directrices do traballo a partir dunhas determinadas "reglas de xogo" compositivas
- *2º día*: aprendizaxe da lingüeta: explicacións, construción e práctica
- *3er día*: definición de cada unha das propostas. Elaboración do plan de traballo: materiais e ensaios
- *4º día*: elaboración das propostas e ensaios
- *5º día*: presentación dos traballos

**Materiais:** os participantes poderán utilizar materiais, obxectos, siluetas ou monicreques propios ou elaborados para a ocasión, tendo en conta que o curso non está centrado na «construción». A organización cederá algúns materiais así como pantallas, luces e outros elementos achegados por Toni Rumbau e o Festival.

Dirixido a actores, titiriteiros, artistas visuais, pedagogos inquedos e a cantos se sintan atraídos por un modo de expresión de «profundos altos voos».

## REFERENCIAS

[www.tonirumbau.org](http://www.tonirumbau.org)

Toni Rumbau funda en 1976 a compañía de marionetas *La Fanfarra* xunto con Mariona Masgrau e Eugenio Navarro. Con ela crea o personaxe *Malic, el Aventurero Ibérico*, que en 1984 dará nome ao *Teatre Malic* de Barcelona, primeira Sala Alternativa de España (pechada en 2002). Como titiriteiro percorreu medio mundo, dende China, India, Paquistán, Rusia, Brasil, toda Europa e varios países de Oriente Medio. Foi director artístico do *Teatre Malic* e do *Festival de Ópera de Bolsillo y Nuevas Creaciones* realizado en Barcelona. Estreou en solitario obras como "A Dos Manos" (1987), "El Doble y la Sombra" (1999) e "A Manos Llenas" (2009). Escribiu tamén os libretos de ópera "Eurídice y los Títeres de Caronte" (2001), "Salón de Anubis" (2007) e a cantata "La Asamblea de los Niños" (2005) sempre con música do compositor Joan Albert Amargós. Actualmente está a desenvolver o proxecto "Rutas de Polichinela. Títeres y Ciudades de Europa" que debe culminar en 2012 coa publicación dun libro e unha exposición.